

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA, A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E O CONCELLO DE MONTERREI PARA A LIMPEZA, CONSERVACIÓN E MANTEMENTO DO CONTORNO DO CASTELO DE MONTERREI

Santiago de Compostela,

### REUNIDOS

Dunha parte, D. José Manuel Merelles Remy , director da **Axencia de Turismo de Galicia**, en virtude do nomeamento efectuado polo Decreto 75/2024, do 22 de abril (DOG núm. 81, do 24 de abril), e de acordo con as facultades que lle confire á dirección da Axencia o apartado dous da disposición adicional segunda do Decreto 135/2024, do 20 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG núm. 101, do 27 de maio) modificado polo Decreto 16/2025, de 10 de marzo (DOG núm. 51, do 14 de maio), que desconcentra na persoa titular da Dirección da Axencia a competencia para subscribir convenios de colaboración no seu respectivo ámbito competencial, en relación co previsto no artigo 15.2.c) dos estatutos da Axencia de Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm.193, do 9 de outubro).

Doutra parte, Luis Menor Pérez, en nome e representación da **Deputación Provincial de Ourense**, na súa calidade de presidente, en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 105 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia e concordantes da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (en diante LBRL).

E doutra, José Luis Suárez Martínez, como alcalde do **Concello de Monterrei**, en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia e na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Todas as partes actúan no exercicio dos seus respectivos cargos, coa representación legal que ostentan, e recoñécense capacidade para se obrigaren nos termos deste convenio,



## EXPOÑEN

**Primeiro.-** Que a Comunidade Autónoma de Galicia ten competencias, con carácter exclusivo, tal e como se desprende do contido do seu Estatuto de Autonomía, en materia de promoción e ordenación do turismo dentro da comunidade (artigo 27.21).

Tal e como establece a Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, a Xunta de Galicia propiciará unha ordenación racional, equilibrada e sustentable dos recursos turísticos co obxectivo de garantir o equilibrio territorial e, para conseguir este fin, establecerá as pertinentes canles de cooperación con outras administracións tanto estatais como autonómicas e locais, así como co sector privado.

A Axencia de Turismo de Galicia é a entidade da Xunta de Galicia á que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de ordenación, promoción, xestión e fomento do turismo.

A Axencia de Turismo de Galicia ten entre os seus obxectivos básicos levar a cabo accións de potenciación e desenvolvemento do turismo na Comunidade Autónoma de Galicia, como un factor de crecemento económico, polo que entre as súas prioridades está a de contribuír á realización de actuacións que impliquen conseguir este obxectivo.

**Segundo.-** Que tal e como establece a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local no seu artigo 36, as deputacións teñen, entre outras, as competencias de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social, e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito, e, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

**Terceiro.-** Que as entidades locais teñen atribuídas, a teor dos artigos 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia e 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, competencias en materia de patrimonio histórico-artístico e protección do medio ambiente, así como postos en relación coa Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, competencias en materia de turismo.



**Cuarto.-** Que entre as competencias que, no relativo ás relacións coas entidades locais galegas, lle corresponden á Xunta de Galicia, de acordo co disposto nos artigos 194 e 195 da Lei 7/1997, do 22 de xullo, está a de cooperación e colaboración, as cales se poden levar a cabo mediante a formalización de convenios.

Para lograr esta finalidade a Axencia de Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio ás iniciativas das entidades locais.

**Quinto.-** O obxectivo da actuación é a posta en valor do Castelo de Monterrei, o máis importante recurso patrimonial e cultural do Concello de Monterrei, de grande interese turístico. Atendendo a este obxectivo, preténdese realizar un mantemento periódico para o control da vexetación, a eliminación da maleza dos arredores da fortaleza, a recollida de lixo. Estas actuacións de mantemento, limpeza e roza estenderanse a elementos de interese situados no exterior do recinto amurallado como son a fonte e o contorno do forte da Atalaia.

A citada actuación contribuirá a mellorar a imaxe do Concello de Monterrei como destino cultural e artístico, o que incrementará de maneira directa o fluxo turístico e propiciará repercusións económicas favorables para a comarca e, polo tanto, para Galicia.

**Sexto.-** Que o Concello de Monterrei por si só non conta cos recursos suficientes para facer fronte a estes traballos polo que as tres institucións, Xunta de Galicia, Deputación Provincial de Ourense e Concello de Monterrei, consideran necesario formalizar un novo convenio de colaboración para poder continuar co desenvolvemento de tales actuacións, posto que se trata dunhas accións de interese común definidas para potenciar o turismo cultural non só na comarca de Monterrei senón tamén na nosa Comunidade Autónoma.

Por outro lado, a Estratexia de Turismo de Galicia 2030 ten como misión impulsar un turismo auténtico e sostible. Esta articúlase a través de misións, sendo unha delas a mobilidade, conectividade turística e reequilibrio territorial. Unha primeira liña de traballo incide en mellorar a percepción do destino e garantir e facilitar información sobre este. En segundo lugar, o turismo é a grande actividade económica capaz de redistribuír riqueza e facilitar emprego en áreas especialmente vulnerables e que afrontan o reto demográfico. A estratexia busca apuntalar o turismo rural cara ao ano 2030, mellorando a súa planificación, facilitando investimentos e xerando novas experiencias, máis atractivas e innovadoras, pero, sobre todo, que reforcen a cultura e a identidade local.



Concorren así, aos efectos do establecido nos artigos 19.4.c) e 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40.1a) do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, razóns de interese público para o outorgamento da subvención. Así mesmo, dada a especialidade do obxecto do convenio, non procede a realización dunha convocatoria pública ao ser o concello de Monterrei a única entidade competente para realizar as actuacións obxecto do presente convenio.

Por todo o exposto acordan asinar este convenio de colaboración baseándose nas seguintes

## CLÁUSULAS

### Primeira.- Obxecto do convenio

Constitúe o obxecto deste convenio establecer as bases de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia, a Deputación Provincial de Ourense e o Concello de Monterrei para a limpeza, mantemento e conservación do Castelo de Monterrei, co fin de promover o turismo cultural, incentivar o coñecemento do patrimonio cultural e histórico galego e contribuír ao desenvolvemento económico da comarca.

As actuacións consistirán no control da vexetación mediante a roza manual e a roza con moto desbrozadora, limpeza de vexetación e limpeza e recollida de lixo.

### Segunda.- Orzamento e financiamento

O orzamento estimado das actuacións previstas neste convenio é de 100.000,00 € (IVE incluído), que se distribúen do seguinte xeito:

GASTO	DURACIÓN	% XORNADA	SOLDO	Seguridade Social	SUMA	TOTAL
1 peón de limpeza	6 meses	100%	1.424,50 €	504,99 €	1.929,49 €	11.576,94 €



6 peóns	6 meses	100%	1.424,50 €	504,99 €	1.929,49 €	69.461,64 €
Outros gastos (reparacións, mantemento e alugueiro de maquinaria, alugueiro vehículos, gasoil vehículos e maquinaria, Epi traballadores, material de traballo en xeral, material reparacións e mantemento pequenas obras)						18.961,42 €
<b>TOTAL CUSTOS</b>						<b>100.000,00 €</b>

En todo caso, os outros gastos aos que se refire o orzamento estimado serán exclusivamente para a execución da limpeza, mantemento e conservación do Castelo de Monterrei, sen que en ningún caso se financien outros gastos adicados a outros fins.

- A Axencia de Turismo de Galicia e a Deputación Provincial comprométense a cofinanciar as actuacións obxecto deste convenio, os cales se destinarán a gastos de limpeza, mantemento e conservación do Castelo de Monterrei, de acordo ao seguinte detalle:

A achega da Axencia de Turismo de Galicia será de 50.000€, e farase con cargo á aplicación orzamentaria 04.A2.761A.460.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026, proxecto 2015 00006.

A achega da Deputación de Ourense será de 50.000 €, e farase con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.99.

### **Terceira.- Gastos subvencionables**

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada de acordo coa previsión de orzamento recollida na cláusula segunda e que se realicen a partir do 1 de xaneiro de 2026. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistras e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado recollidos no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non serán subvencionables.

### **Cuarta.- Compromisos das partes**



1. O Concello de Monterrei comprométese coa sinatura deste convenio a:

- Executar as accións obxecto do presente convenio e poñer todos os medios técnicos e humanos necesarios para o seu desenvolvemento e asumir os gastos de persoal e correntes que orixinen a posta en marcha das actividades. A execución das ditas accións deberá realizarse de acordo coa normativa vixente, sen que se lle poida esixir á Axencia de Turismo de Galicia responsabilidade algunha directa nin subsidiaria que dos incumprimentos se puidesen derivar

-Incluír en toda a documentación e soportes específicos para o evento que se trata dunha actuación con financiamento da Xunta de Galicia a través da Axencia de Turismo de Galicia, incluír a marca Xacobeo 27 de conformidade co Decreto 3/2026, do 26 de xaneiro, polo que se regula a utilización da marca Xacobeo 2027 e a marca "Galicia Calidade" en todas as actividades obxecto do presente convenio de colaboración. Os logos poderán descargarse na seguinte ligazón: <https://www.turismo.gal/marca01>

- Como beneficiario dunha subvención o concello de Monterrei deberá dar cumprimento as obrigas de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

- Comunicar á Axencia de Turismo de Galicia a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos. De acordo co disposto no artigo 40.1 d) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a achega económica prevista neste convenio será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

En ningún caso o importe das subvencións as que se refire o parágrafo anterior poderá superar, no seu conxunto, o custe da actividade subvencionada, ao abeiro do disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007.

- Acreditar ante a Axencia de Turismo de Galicia o cumprimento do deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio, conforme o indicado no artigo 4 do



Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

- Reintegrar total ou parcialmente, a subvención percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión, e a exigencia do xuro correspondente desde o pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia de reintegro cando concorran algunha das causas sinaladas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e a obriga de facilitar toda a información que se lle requira pola Axencia de Turismo de Galicia en relación coa xustificación do convenio, e pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control de destino de axudas.

- Presentar, antes da sinatura deste convenio, declaración responsable de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 11 e 13 do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

- Subministrar á Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Axencia de Turismo de Galicia, das obrigas previstas no Título I da citada lei.

- As demais obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

- Previo requirimento da Deputación Provincial de Ourense o concello beneficiario deberá presentar a documentación precisa que lle sexa solicitada pola Sección de subvencións da administración provincial.

**2.** Pola súa parte a Deputación e a Axencia de Turismo de Galicia achegarán a contía establecida na cláusula segunda.

#### **Quinta.- Subcontratación**



Poderán ser obxecto de subcontratación, total ou parcial, as actividades subvencionadas a través deste convenio, tendo en conta o disposto nesta cláusula e de acordo co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En todo caso quedan fóra da subcontratación aqueles gastos nos que teña que incorrer o Concello de Monterrei para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

A necesidade da subcontratación estará debidamente motivada pola entidade beneficiaria e, en ningún caso, suporá un aumento do custo da actividade subvencionada.

Os subcontratistas quedarán obrigados soamente ante o Concello de Monterrei, que asumirá a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración. O organismo local será a responsable de que na execución da actividade subvencionada concertada con terceiros se respecten os límites establecidos neste convenio en canto á natureza e contía dos gastos subvencionables e esixiranlles ás/aos subcontratistas os documentos acreditativos dos pagamentos correspondentes.

A subscrición deste convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Axencia de Turismo de Galicia, e as persoas ou profesionais dependentes das entidades que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir responsabilidade algunha directa nin subsidiaria.

## **Sexta.- Xustificación dos investimentos e gastos subvencionables**

1. O Concello de Monterrei, segundo se establece no artigo 8 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, estará obrigado a presentar a documentación xustificativa (en relación coa contía total do orzamento previsto na cláusula segunda) ante a **Axencia de Turismo de Galicia**, así como o cumprimento da finalidade da subvención, a realización da actividade ou adopción do comportamento que fundamentou a súa concesión e o seu custo real, mediante a presentación dunha conta xustificativa integrada, con carácter xeneral, pola documentación que se relaciona a continuación, e que incorporará, en todo caso, a certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.



2. A xustificación da execución das actividades subvencionadas diante da Axencia de Turismo de Galicia realizarase segundo a modalidade de conta xustificativa de acordo co disposto no artigo 9 do citado Decreto 193/2011, do 6 de outubro, para o que o concello deberá presentar:

a) Certificación expedida pola Secretaría da entidade local, co visto e praxe do/a alcalde/sa ou presidente/a, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención na que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:

1. O cumprimento da finalidade da subvención.

2. Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: identificación do/a acredor/a, número de factura ou documento equivalente, certificación da obra, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente. Salvo disposición expresa das bases reguladoras, e sen prexuízo do previsto na letra c) deste mesmo artigo, non será esixible a remisión dos documentos relacionados no artigo 48.2 b) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

b) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

c) Se é o caso, os tres presupostos que se esixen en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Así mesmo, deberá achegarse polo Concello:

- Certificación emitida pola Secretaría da entidade local acreditativa do cumprimento da normativa de contratación do sector público.

- Declaración responsable do órgano competente da entidade de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma. Estas declaracións presentaranse con anterioridade á sinatura do presente convenio.

- Detalle da documentación e soportes publicitarios aos que se refire a cláusula cuarta.



- Deberá indicarse un número de conta para o ingreso dos fondos e xuntar unha declaración responsable da veracidade dos datos relativos á dita conta.

Á vista desta documentación, o órgano competente da Axencia de Turismo de Galicia, comprobará a realización da actividade e o cumprimento da finalidade da subvención e, unha vez comprobado o cumprimento, expedirá certificado acreditativo da verificación realizada e tramitará o pagamento.

A Axencia de Turismo de Galicia resérvase o dereito a solicitar toda a documentación precisa que veña establecida na normativa reguladora de subvencións en relación coa xustificación do convenio.

A documentación correspondente á xustificación presentárase de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>).

3. O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención e realizar a execución do obxecto do convenio por parte do Concello de Monterrei, a subvención concedida pola Axencia de Turismo de Galicia, remata o **10 de decembro de 2026**.

4. De non xustificarse en prazo a cantidade correspondente ao orzamento previsto na cláusula segunda, o Concello deberá reintegrar proporcionalmente o non xustificado, e a Axencia de Turismo de Galicia minorará a súa achega proporcionalmente ao non xustificado, sempre e cando se acade o obxecto do convenio.

Ao abeiro do disposto no artigo 3 do Decreto 193/2011: *"1. Con carácter xeral, considerarase gasto realizado cando se teña contabilizado o recoñecemento da obriga polo órgano competente da entidade local. As entidades locais beneficiarias estarán obrigadas a acreditar documentalmente a efectividade dos pagamentos realizados no prazo máximo de sesenta días naturais contados a partir da data do ingreso na conta bancaria das beneficiarias de cada un dos aboamentos das subvencións concedidas.*

*2. Non obstante, no caso de realizarse pagamentos anticipados como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións subvencionadas, considerase gasto realizado o que foi efectivamente pagado pola entidade local beneficiaria con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado pola normativa reguladora da subvención."*



Porén, exceptúanse do disposto nos parágrafos anteriores, aqueles gastos cuxos pagamentos deban efectuarse nun momento posterior por axustarse aos calendarios de recadación, como os ingresos a conta do IRPF ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación. O importe destes ingresos ou cotas considerarase xustificado coa presentación do documento de gasto (factura ou documento equivalente) en que se reflecta o importe de retención ou cotizacións devengadas na data de xustificación. A entidade subvencionada quedará obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidez nos dez días seguintes ao remate dos prazos legalmente establecidos para o seu ingreso no período voluntario.

5. No referente á xustificación da subvención polo beneficiario da mesma diante da Deputación Provincial de Ourense estarase ao sinalado na normativa aplicable en materia de subvencións públicas, particularmente ao disposto na Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Ourense (*BOP núm. 260 de data 12.11.2015*), así como ao acordo de concesión da subvención nominativa prevista no presente convenio.

#### **Sétima.- Compatibilidade**

A achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos, axudas ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

De conformidade co artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividade subvencionada.

#### **Oitava.- Inexistencia de relación laboral**

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Axencia de Turismo de Galicia, e as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto do mesmo, de xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha directa nin subsidiaria por actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste.

#### **Novena.- Pagamentos anticipados e a conta**

Poderanse realizar pagamentos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación conforme ao artigo 63.1.Un do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de



subvencións de Galicia, de ata un 80 % sobre os primeiros 18.000 € e de un 10% adicional sobre o importe que exceda dos 18.000 € e sen que se supere a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario.

Así mesmo poderanse realizar pagamentos a conta conforme ao artigo 62 do antedito Regulamento que poderán supoñer a realización de pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións realizadas. Para proceder ao seu pagamento, o concello deberá enviar a documentación xustificativa relacionada na cláusula quinta.

A suma dos pagamentos anticipados e a conta non será superior ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagos xustificados, de conformidade co disposto no citado artigo 62, nin excederá da anualidade prevista en cada exercicio orzamentario.

O concello está exento da obriga de prestar garantía de conformidade co disposto no artigo 65.4.c) do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

#### **Décima.- Reintegro da subvención**

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas , o Concello deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do citado Regulamento.

#### **Décimo primeira.- Comisión de seguimento**

Para o seguimento do convenio e da súa execución crearase unha comisión de seguimento de composición paritaria.

O funcionamento da Comisión axustarase ao disposto na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.



Os representantes das entidades colaboradoras poderán comparecer asistidos por técnicos ou asesores, con voz pero sen voto.

En todo caso, os acordos da comisión adoptaranse por unanimidade e serán executivos e vinculantes para as administracións integradas no convenio.

### **Décimo segunda.- Resolución e modificación do convenio**

1. Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
  - O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
  - O acordo unánime de tódolos asinantes.
  - A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.
2. As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación das previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.

Ao abeiro do disposto no artigo 7 do Decreto 193/2011, a entidade beneficiaria da subvención deberá presentar a solicitude de modificación da subvención concedida cunha antelación mínima dun mes. A modificación deberá respectar o obxecto da subvención, as actividades subvencionadas e evitar actuacións deficientes ou incompletas. A solicitude deberá acompañar a documentación establecida no apartado 4 do citado artigo 7:

a) Memoria xustificativa, na cal ademais se faga constar que non se desvirtúa o proxecto subvencionado, que non suporá unha actuación deficiente e que se cumpre co obxectivo da resolución da concesión.



b) Orzamento ou proxecto modificado.

c) Relación e identificación concreta dos cambios introducidos en cadro comparativo.

Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

### **Décimo terceira.- Natureza xurídica e xurisdición competente**

O convenio, que está suxeito ao disposto no artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ten natureza administrativa e queda fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que os exclúe expresamente no artigo 6.1.

As cuestións litixiosas xurdidas respecto da interpretación, modificación, resolución e efectos do convenio serán resoltas pola persoa titular da Dirección da Axencia de Turismo de Galicia. Aquelas cuestións non solventadas na vía administrativa, serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

Para todo o non previsto expresamente no texto deste convenio será de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007; Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas; a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público e demais normativa que sexa de aplicación.

### **Décimo cuarta.- Publicidade e rexistro do convenio. Autorización e consentimento para que se publiquen os datos persoais e demais especificacións que figuran no convenio**



En cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións comunicárase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que operará como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia de Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.

Así mesmo estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios.

Asemade, procederáse á inscrición do convenio no Rexistro Público de Subvencións conforme ao establecido no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

Coa sinatura do presente convenio as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos de carácter persoal e mailo resto de especificacións contidas no convenio.

#### **Décimo quinta.- Protección de datos persoais**

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/679 (UE) Xeral de Protección de datos (en adiante, RXPD), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPDGDD) e demais normativa concordante.

Os datos persoais dos asinantes deste convenio serán tratados por cada unha das partes co fin de xestionar a súa formalización e desenvolvemento, sendo imprescindible para iso que inclúan os seus datos identificativos, a representación da capacidade que ostenten, e a súa sinatura. A base lexitimadora do tratamento dos datos persoais dos asinantes é o cumprimento dunha misión realizada en interese público baseada na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e na necesidade de tratar os devanditos datos para a execución do convenio subscrito. Respecto dos datos persoais sobre os que a Axencia de Turismo de Galicia ostenta a



condición de responsable do tratamento, as persoas interesadas poderán solicitar ante esta o acceso, rectificación e supresión, así como opoñerse ao seu tratamento a través da Sede Electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-dos-dereitos>. Contacto co/a delegado/a de protección de datos e información adicional en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

En canto aos datos persoais sobre os que o concello ostenta a condición de responsable do tratamento, as persoas interesadas poderán solicitar da devandita entidade o acceso, rectificación e supresión dos seus datos, así como opoñerse ao seu tratamento a través do enderezo sinalado no encabezamento do presente convenio.

Así mesmo, as partes garanten o cumprimento do deber de información previsto no artigo 13 do RXPD respecto do persoal ao seu servizo, propio ou alleo, cuxos datos persoais sexan comunicados entre as partes para a execución dos seus compromisos.

#### **Décimo sexta.-Vixencia**

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte a súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2026. **Non obstante, o presente convenio ampara as actuacións realizadas desde o 1 de xaneiro de 2026.** O Concello de Monterrei como entidade executora e xestora das actuacións, será a responsable do mantemento en todo momento e trala finalización da vixencia temporal do mesmo, das finalidades propias do Convenio.

#### **Décimo sétima.- Notificación electrónica**

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.



As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Lido polas partes, por si mesmas e como proba de conformidade co expresado neste convenio, asinan e rubrican o mesmo.

Axencia de Turismo de Galicia

Concello de Monterrei

José Manuel Merelles Remy

José Luis Suárez Martínez

Deputación de Ourense

Luis Menor Pérez

